

ACTA

Nº 69 Ano 2021.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Laboral Intercentros, sendo as 10,15 horas do día 16 de decembro de 2021, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Ascensión Labella Lozano	S.X. Presidencia	4.42.85
Carlos Gomez Martinez	S.X. Emprego	4.47.71
Laura Suarez Fernández	D.X. Avaliación e Regorma	4.54.67
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.37

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Aser Lidia Tobio Martinez	CIG	620-412-818
Pablo Rama Remuiñan	CSIF	881-542-850

Asisten asimismo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, por Cualtis.

1.- Lectura e aprobación da acta da última reunión.

Se aproba a proposta de acta presentada.

2º Presentación e debate da programación das actividades preventivas de riscos laborais a realizar no 2022 pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia. Para unha mellor articulación deste debate, realizarase por apartados:

- | | |
|-----------------------------|---------------------------|
| a) Xestión | b) Avaliacións |
| c) Medidas Emerxencia | d) Vixiancia da saúde |
| e) Formación | f) Participación sindical |
| g) Investigación accidentes | |

No apartado da xestión se informa de que continuase no proceso de informatización dos datos xenerados nesta actividade, e que cóntase que próximamente poida figurar no expediente persoal de cada empregado ou empregada público, a información da súa vixiancia da saúde.

No relativo as avaliacións de riscos laborais nos centros, a Administración informa de que cando figura na programación que moitos dos centros faranse debido ó “tempo transcurrido”, isto refírese a que xa pasaron dez anos desde a última avaliación. CCOO pregunta polas avaliacións nos Centros do Consorcio Galego de Servizos de Igoaldade e Benestar, e a Administración manifesta que a programación desas avaliacións, que serán tamen realizadas por la entidade Cualtis, debe debaterse no Comité de Seguridade da Consellería de Política Social, dado que dito Consorcio ten concertada unha actividade preventiva de riscos laborais propia, diferente da do resto da Administración Xeral.

En canto as medidas de emerxencia chama a atención que na provincia de A Coruña, ningún centro de ningunha consellería pediu a implantación de ditas medidas. No apartado da vixiancia da saúde, a parte sindical expresa o seu desexo que os recoñecementos xinecolóxicos fáganse mellor no 2022 que os feitos este ano, nos que houbo retrasos importantes e non se fixeron, nalgúns casos, exploracións mamarias as mulleres recoñecidas nin enviouseles, tamen nalgúns casos, o resultado da citoloxía, se éste foi negativo. CIG sinala en concreto a Clínica Gaías en Vigo, coma unha das que non fixo exploracións nin enviou resultados cando a citoloxía non reflectira ningún problema. O representante de Cualtis manifesta que conta que este próximo ano non haxa retraso, pero eso vai depender de que non existan problemas de carencia de persoal médico especialista, e no tema das exploracións falará coas clínicas encargadas de realizar os recoñecementos, para lembrarlles a obrigatoriedade de facelas, xa que están contempladas no correspondente acordo de prestación de servizo. CSIF prantexa a mala situación na que atopase o persoal non docente, nos centros de ensino, no relativo a vixiancia da saúde. A Administración manifesta que a actividade preventiva de riscos laborais nestes centros non é cometido deste comité, xa que pertencen o Comité Intercentros de Seguridade do persoal, docente e non docente, dos centros educativos. Nese comité é onde debe debatirse a programación preventiva dos riscos laborais deste persoal, coma así está establecido no Acordo de participación en materia de riscos laborais para a Xunta de Galicia, do ano 2.004, mentres non se modifique. CCOO solicita que se volvan realizar as espirometrías e calqueira outra proba que por causa das medidas fronte o covid deixaron de facerse. O representante de Cualtis manifesta que considera que para o próximo ano poderá retomarse de novo a realización destas probas.

No referente a formación, CCOO solicitou que se dese formación en prevención ó persoal dos equipos de menores, que teñen que acudir os domicilios particulares, nos que se atopan situacións de riscos. A Administración estudiará a realización de formación para dito persoal.

No relativo a participación, a parte sindical agarda que o próximo ano todos os comités de seguridade deste ámbito fagan reunións, e chama a atención sobre a situación do Comité de Seguridade do persoal de Cultura, que agora pertencen a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que co motivo de cambio da estrutura administrativa feita hai mais dun ano, non convocan dito comité. A Administración manifesta que lembrarlles de novo a todas as consellerías a necesidade de convocar os comités de seguridade.

3.- Rogos e preguntas.

CIG solicitou da Administración que atendese as peticións do persoal, que polo seu posto non pode teletraballar, cando atopase coa necesidade de coidar un menor con covid ou en coarentena. A Administración manifesta que para esta situación coma para calqueira outra, existen as medidas de conciliación en vigor na Xunta de Galicia.

CIG expón de novo a necesidade de que o persoal que presta servizo nos centros de atención as persoas conte con máscaras FFP2, coma así informou a Inspección de Traballo. A Administración resposta de novo, xa que esta petición xa foi realizada anteriormente, que se remite a actual regulación sobre a protección fronte ao covid, no ámbito laboral.

Levántase a sesión, sendo as 11,15, h.

Vº Bº A PRESIDENTA

Vº Bº O SECRETARIO

ASCENSION LABELLA LOZANO

EDUARDO FREIRE POUSA